



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

PROPOSTAS EDUCATIVAS

ACTIVIDADES

EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2019 - 2020



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CALENDARIO E HORARIOS

Dende o **15 de outubro de 2019** ata ó **19 de xuño de 2020**.

De **martes a venres** de **10:00 a 11:30 h**.

Os centros educativos que teñan dificultades para asistir ó museo neste horario (por motivos de procedencia xeográfica ou de organización do propio centro) poden poñerse en **contacto con nós**.

NORMAS

Antes da visita

- Especifique ó departamento de difusión ó **nivel educativo** e o **número exacto de alumnos/as**.
- O percorrido realizarase en grupos de **25 personas**.
- Os profesores/as poden escoller, se o desexan, de entre os **percorridos propostos** para cada nivel. Se se prefire, o departamento de didáctica pode poñer en valor temas que se traballen na aula.
- Débese **advertir** de calquer tipo de **necesidade especial** dos alumnos/as que veñan visitar ó museo.
- Os alumnos deben estar advertidos acerca do **comportamento a seguir** nun museo, ónde veñen e qué se van atopar.
- Durante a visita está **prohibido comer e beber**.

O día da visita

- Rógase **puntualidad**. En caso de imprevisto, rógase avisen coa maior anticipación para non entorpecer as outras actividades do museo.
- Os **profesores/as ou acompañantes deben permanecer co grupo en todo momento**.
- Durante o percorrido pódense facer **fotografías**, pero **sempre sen flash**.
- No museo nos desprazámonos **amodo**, falamos **en orde** e, o máis importante, **non tocamos as obras**.



mu.belas.artes.difusion@xunta.gal

← *Homenaxe de Occidente a la Grecia Antigua*
1960
Luis Seoane



A INCRÍBLE HISTORIA DUNHA PINGA DE PINTURA AZUL

Visita dinamizada
3º - 4º Ed. Infantil
1h de duración

OBXECTIVOS

- Posibilitar unha primeira aproximación ao mundo dos museos por parte dos máis cativos.
- Descubrir, a través da observación e do xogo, as distintas situacións que agochan as obras da colección.
- Estimular a imaxinación a través da observación das obras de arte.
- Diferenciar as cores primarias das secundarias.
- Recoñecer as tonalidades da gama cromática e experimentar como nos suxiren sensacións diferentes.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A increíble historia dunha pinga de pintura azul é unha actividade concibida como unha primeira aproximación ao mundo do museo por parte dos máis cativos. Nesta visita de carácter narrativo percorrерemos os distintos espazos do museo acompañados dunha pinga azul que contará aos nenos e nenas as súas aventuras desde que escapou dun bote de pintura. Partindo das ideas previas dos nosos visitantes observaremos cadros cheos de motivos familiares: o mar, os animais, as flores... facendo fincapé nas súas formas, figuras e cores. Dun xeito lúdico e participativo, descubriremos a diferenza entre cores primarias e secundarias e reflexionaremos sobre os sentimentos e sensacións que as distintas tonalidades poden suxerirnos.



UN MUSEO PARA OS CINCO SENTIDOS

Visita-taller
4° - 6° Ed. Infantil
1h 30' de duración



Jardines de Cuernavaca, 1943
Arturo Souto Feijoo

OBXECTIVOS

- Familiarizar aos escolares co mundo da arte e dos museos.
- Achegar a arte aos alumnos e alumnas dun xeito interdisciplinar e experiencial.
- Recoñecer os cinco sentidos e identificar a parte do noso corpo que empregamos para percibilos.
- Coñecer os materiais e instrumentos empregados polos artistas para crear unha obra artística.
- Desenvolver a empatía reflexionando sobre como sería prescindir dalgún dos nosos sentidos.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Nesta actividade orientada aos grupos de educación infantil percorrерemos os distintos espazos do museo e coñeceremos algunhas das pezas máis sen-

leiras da colección. O fío conductor do percorrido serán os cinco sentidos polo que cada obra escollida nos axudará a reflexionar sobre un sentido en concreto. Dun xeito lúdico, participativo e moi experiencial faremos unha achega a diferentes manifestacións artísticas que irá moito máis alá da observación visual. Como se pode sentir un cadro? a que cheira unha obra de arte? hai cadros ruidosos? que pasaría se tapasemos os nosos ollos e nos colocásemos diante dunha obra de arte? que nos suxiren os distintos materiais dos que están elaboradas as esculturas do museo? como sería a nosa vida se prescindísemos dalgún dos nosos cinco sentidos?

A visita conta cun obradoiro final onde repousaremos os novos coñecementos e compartiremos a experiencia cos compañeiros e compañeiras.



O MAR NO MUSEO

Visita-taller
3º - 6º Ed. Infantil
1h 30' de duración

OBXECTIVOS

- Coñecer os diferentes aspectos do mundo mariño: o mar, a fauna, os elementos que compoñen a paisaxe e a interacción humana co medio.
- Descubrir, a través da observación da obra de arte, escenas nas que se estea a desenvolver unha acción e nas que o protagonista sexa o mar.
- Fomentar a observación, o descubrimento e a interpretación de imaxes a través do contacto directo coa arte.
- Promover a creatividade do alumnado de educación infantil a través de creación artística e das narracións e aspectos fantásticos que rodean o tema mariño.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Este percorrido é unha alternativa para os centros que xa visitaron o museo en Educación Infantil ou para aqueles que estean interesados na temática do mar e a súa representación na arte. Nas salas do museo podemos atopar obras de distintas épocas e estilos que fan referencia o mundo mariño: océanos, praias, cantís, mariñeiros, nenas que xogan á beira do mar, mariscadoras, sereas...

Partindo da observación da obra de arte, falaremos dos diferentes elementos das paisaxes de costa e da fauna mariña, escoitaremos os sons do mar, coñeceremos os oficios vinculados a este medio e contaremos historias dos mundos fantásticos que se agochan nos fondos do océano.

A visita inclúe un obradoiro no que os nenos e nenas terán que completar un álbum de cromos con cadros vistos durante o percorrido e debuxar a súa interpretación persoal dos mundos mariños.



Mariña, c. 1901 - 1927
Jaime Morera y Galicia